

## AS COMISIÓNS DE TRABALLO E O SEU FUNCIONAMENTO

A comunidade educativa do CEIP Mosteiro Bembrive leva a cabo numerosas actividades ao longo do ano de xeito paralelo á actividade lectiva, para o que se organiza nas seguintes comisións:

- ✓ Comisión de aniversarios
- ✓ Comisión de biblioteca
- ✓ Escola de familias
- ✓ Comisión das colonias

A participación nas comisións é voluntaria. O grao de implicación dependerá sempre da dispoñibilidade de cadaquén.

*Anexo a esta guía facilítase un formulario para inscribirse nas comisións correspondentes*



## COMISIÓN DE ANIVERSARIOS

**Composición:** Pais e nais do ciclo de Infantil.

**Mestras de referencia:** Belén Funcia.

**Actividade:** O último venres de cada mes, por norma xeral, celébranse os aniversarios de todos os nenos e as nenas de infantil dese mes. A celebración ten lugar arredor das 11 da mañá no comedor e consiste nunha merenda con torta e deseguido unha actuación teatral, contacontos... preparada e protagonizada polos pais e nais.

**Datas:** Ao principio do curso establécense as datas das celebracións de todo o ano, se ben nalgúns casos hai cambios que se van comunicando sobre a marcha.

### Tarefas para as que se precisan persoas voluntarias:

- ✓ Facer as tortas.
- ✓ Facer as coroas para os/as homenaxeados/as.
- ✓ Preparar a actuación e actuar.
- ✓ Mercar o material necesario (merenda, agasallos en Nadal...)
- ✓ Levar a tesourería
- ✓ Preparar o comedor entre as 9 e as 11 da mañá os días dos aniversarios (mover as mesas, facer bocadillos etc.).

**Modo de comunicación:** Por tokapp . A persoa coordinadora do grupo convidará a participar no mesmo as persoas interesadas que así o indiquen no formulario. Ademais celebrarase unha reunión da comisión a principio do curso á que se convoca a todos os pais e nais que indicaron no formulario que estaban interesados/as en participar na comisión.

**Orzamento:** Esta comisión conta cun pequeno orzamento para material, que consiste nunha achega realizada polos pais/nais de infantil a finais de cada curso escolar (aprox. 12 €), que se encargan de recoller as correspondentes mestras de cada curso de infantil.

## Observacións:

- ✓ As tortas deberán ser para intolerantes (de galleta e chocolate).
- ✓ No colexio vanse gardando os guións das obras de teatro, que están a disposición das nais e pais para volver empregarlas.
- ✓ Normalmente, na medida do posible, quédase o venres anterior ao día da celebración pola tarde ou durante esa mesma semana “sen que sexa isto un requisito obrigatorio para participar” para decidir o que se vai representar, ver as necesidades de vestiario, número de personaxes e repartir papeis. En todo caso, o grao de participación depende da dispoñibilidade das persoas.
- ✓ Nalgúns meses, a celebración dos aniversarios aprovéitase para realizar outras actividades despois da merenda, polo que se cancela a actuación dos pais/nais: no Nadal, coa entrega de agasallos por parte de Papá Noel/o Apalpador (protagonizado polos pais/nais), no mes de maio, cando o colexio aproveita para facer un maio ou alfombras florais e no mes de xuño, cando ten lugar a graduación do alumnado de 5 anos.

## COMISIÓN DE BIBLIOTECA

**Composición:** Pais e nais dos ciclos de Primaria e Infantil, mestras e encargada da biblioteca.

**Mestra de referencia:** Pamela

**Actividade:** Organización de actividades relacionadas coa lectura.

### **Obxectivos:**

- ✓ Contribuír á catalogación dos fondos da biblioteca.
- ✓ Potenciar na comunidade educativa o gusto pola lectura.
- ✓ Achegar suxestións que fomenten os bos hábitos lectores.
- ✓ Apoiar todas as iniciativas que decida levar a cabo a comisión.
- ✓ Tarefas para as que se precisan persoas voluntarias:
- ✓ Facer propostas de actividades relacionadas coa lectura.
- ✓ Colaborar nas actividades que se realicen en relación coa biblioteca.
- ✓ Levar a “enfermería” dos libros, que consiste en ir arranxando os libros vellos que así o precisen.
- ✓ Cada dous anos: colaborar na organización da exposición literaria que se celebra en torno ao día do libro, en abril, onde se presentan as novidades de diferentes editoriais galegas.

**Modo de comunicación:** Ao principio do curso convócase a unha reunión ás persoas que se amosaron interesadas en participar nesta comisión a través do formulario, onde se poñen en común ideas e propostas relacionadas coas actividades lectoras. Ademais desta reunión inicial, ao longo do ano tamén poden realizarse propostas e achegar ideas neste sentido.

**Orzamento:** Entre un 5 e un 10 % do orzamento do centro. A achega do PLAMBE (Plan de mellora das bibliotecas escolares).

## ESCOLA DE FAMILIAS

**Composición:** Pais e nais dos ciclos de Primaria e Infantil, equipo de dinamización lingüística do centro.

**Mestra de referencia:** Goretti

**Actividade:** Charlas e talleres para pensar e reflexionar, a través do intercambio de información relevante e de experiencias cotiás que favorezan o desenvolvemento de habilidades para resolver problemas e satisfacer as necesidades dos fillos e fillas.

### **Tarefas para as que se precisan persoas voluntarias:**

1. Ser oídos do que está a acontecer no noso concello en canto a formación de pais/nais. Aportar suxerencias o noso Banco de recursos para futuras sesións.
2. Ser motivadores e difusores das charlas e talleres nos grupos de referencia.
3. Atender o servizo de Canguros, (realizar actividades e ocuparse do cobro as familias e pago a monitora)
4. Recoller e analizar avaliacións periódicas para poder facer valoracións, e suxerencias documentadas e reais.

Outras....

**Modo de comunicación:** Por Whatsapp / topkapp. A persoa coordinadora do grupo convidará a participar no mesmo as persoas interesadas que así o indiquen no formulario.

## COMISIÓN DE COLONIAS

**Composición:** Pais e nais dos ciclos de Primaria e Infantil, mestras encargadas das colonias.

**Mestra de referencia:** Pachu Nicolás.

**Actividade:** Saídas de fin de semana dunha noite para os alumnos de 6º de infantil ata segundo de primaria e de dúas noites para os alumnos de terceiro a 6º de primaria.

Estancias en réxime de residencia en instalacións axeitadas de Galiza para a realización de visitas, actividades lúdicas, deportivas, culturais, ecolóxicas e de lecer.

Agás no caso de sexto de primaria que saen do venres pola tarde ao domingo pola tarde e o resto dos cursos saen de sábado ou a domingo dependendo do nivel.

Estas saídas resultan moi beneficiosas para o crecemento e desenvolvemento dos nenos nun entorno diferente e una experiencia de convivencia moi formativa para os nosos alumnos.

### **Tarefas para as que se precisan persoas voluntarias:**

- ✓ Colaborar na entrega e reparto de material para financiamento das colonias (plantas, calendarios, lotería).
- ✓ Organizar e participar na atención dos distintos postos que se montan ao longo do curso, uns dentro do propio centro (Magosto, Nadal, Cross escolar, Festa de actividades) e outros en festas nas que somos convidados pola Entidade Local Menor de Bembrive (Festa da sidra, Carreira nocturna, Entroido).
- ✓ Participación no Entroido organizado pola Entidade Local menor e no caso de ter dispoñibilidade e conseguir inscrición no Entroido de Redondela.
- ✓ Suxerir novas actividades ou destinos para os distintos cursos.
- ✓ Acompañar o alumnado nas saídas programadas.

- ✓ Debater novas propostas de financiamento.
- ✓ Avaliar as actividades desenvolvidas nas diferentes saídas.
- ✓ Todas aquelas iniciativas que xurdan na propia comisión e sexan consensuadas por todos os seus membros.

**Modo de comunicación:** Mediante cita xeralmente a través de tokapp enviada polo propio centro para as reunións e por Whatsapp para os distintos postos das comisión de colonias.

## DATOS DE CONTACTO DA ANPA

### Xunta directiva:

Montserrat Puime Gonzalez	Presidenta
Iolanda Perez Posada	Vicepresidente
Nuria Costas Caride	Tesoureiro
Rafael Ameneiro Bravo	Secretario
Vanesa María Correa Ablade	Vogal De Actividades
M <sup>a</sup> Ángeles Álvarez Soto	Vogal De bus escolar
Beatriz Gonzalez Lamas	Vogal De Comedor
Paula Verde Francisco	Vogal Da Comisión Neae
David Pousa Cabaleiro	Relacións externas

### Correo electrónico:

anpabenevivere@gmail.com

### Números de teléfonos:

<b>ANPA</b>	665 860 814
<b>Comedor</b>	665 860 811
<b>Autobús</b>	694 446 640

## DATOS DE CONTACTO DO COLEXIO

**Teléfono** 886 120 217

**Correo electrónico** ceip.mosteiro.bembrive@edu.xunta.es